

CONVENIO DE COLABORACION EMPRESARIAL EN ACTIVIDADES DE INTERES GENERAL (ART. 25 DE LA LEY 49/2002, DE 23 DE DICIEMBRE, DE RÉGIMEN FISCAL DE LAS ENTIDADES SIN FINES LUCRATIVOS Y DE LOS INCENTIVOS FISCALES AL MECENAZGO) ENTRE VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U E A FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA formalizou o 23 de xuño de 2022 con **VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U**, o instrumento convencional arriba referido por unha duración prevista ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular os termos e condicións da colaboración de ambas entidades, prestando apoio ás actividades de promoción da defensa e conservación do medio ambiente e natureza que programa a Fundación no ano 2022:

- 1.- Colaboración con carácter exclusivo no desenvolvemento das actividades a realizar con motivo da INTERVENCIÓN PAISAXÍSTICA NAS TORRES HEJDUK.
- 2.- Colaboración na celebración do HOLI GAIÁS no marco da conmemoración do DÍA DO MEDIO AMBIENTE .
- 3.- Colaboración no desenvolvemento das visitas especiais, BAIXO A PEL DO MUSEO e GAIÁS SECRETO, que convidan a descubrir as entrañas da Cidade da Cultura de Galicia dende unha perspectiva arquitectónica.



4.- Colaboración no desenvolvemento das visitas guiadas ANDAINAS CON ARTE que convidan a desfrutar da arte na Natureza e das fermosas vistas da cidade de Santiago de Compostela.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A **Fundación Cidade da Cultura de Galicia** foi constituída o 27 de decembro de 1999, mediante escritura pública, como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.

Mediante a Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000, (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería co número 73.

Esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está adscrita á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que exerce o seu protectorado e cuxo conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia ten por obxecto creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición y consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio a interacción cultural.

O desenvolvemento do obxecto fundacional poderá realizarse directamente pola fundación, ou mediante colaboración con outras entidades, organismos, institucións ou persoas que contribúan á consecución dos fins fundacionais.



O fomento da colaboración público-privada tamén se previu no II Plan Estratéxico da Cidade da Cultura de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta, concretamente na Acción 3.3.4 Fomento da colaboración pública-privada e do mecenado, cuxa relación co marco estratéxico deriva dos seguintes obxectivos;

- OE2. Consolidar a Cidade da Cultura como rótula do sector cultural galego.
- OO 2.1 Prestar colaboración e soporte a axentes públicos e privados relevantes de Galicia na definición e desenvolvemento das súas iniciativas estratéxicas.

A Fundación promove actividades tendentes a *“propiciar o achegamento da Cidade da Cultura de Galicia dun xeito físico á cidadanía, servindo como espazo de desenvolvemento de actividades non estritamente culturais con especial énfase no lecer, o contacto coa natureza e o deporte.”*

Neste sentido, a Fundación procura o fomento da conservación e defensa do medio ambiente, e como tal, realiza actividades culturais, entre outras, que inviten ao contacto coa natureza a vez que á reflexión do paisaxismo artístico e arquitectónico. En 2022 ten previsto realizar as seguintes actividades relacionadas;

- 1.- INTERVENCIÓN PAISAXÍSTICA NAS TORRES HEJDUK; a comezos do período primaveral, e ata o mes de agosto, as Torres Hejduk albergarán un proxecto paisaxístico cuxa liña argumental fai unha meditación épica da relación entre o Camiño das estrelas e o Camiño de Santiago.
- 2.- HOLI GAIÁS; no marco da conmemoración do Día do Medio Ambiente, regresa a V edición da carreira popular coa que a Cidade da Cultura festexa a primavera e promove o contacto coa natureza.
- 3.- PROGRAMA DE VISITAS ESPECIAIS; co motivo do décimo aniversario do Museo Centro Gaiás, a Cidade da Cultura organiza dous tipos de visitas centradas no coñecemento do proxecto arquitectónico do complexo e salientando o edificio, que levan por título ‘Gaiás secreto’ e ‘Baixo a pel do museo’.
- 4.- ANDAINAS CON ARTE; Trátase dunha actividade dirixida ao público xeral que convida a desfrutar dos espazos naturais da Cidade da Cultura, as súas panorámicas vistas e as pezas artísticas que atópanse no Bosque de Galicia, así como a intervención



paisaxística nas Torres Hejduk. Con estas visitas guiadas preténdese estimular o contacto coa Natureza, coñecer as novas formas de expresión artísticas e desfrutar dunhas fermosas vistas do patrimonio cultural da cidade de Santiago de Compostela.

Pola súa parte, **VIAQUA** é unha empresa do sector do medio ambiente que xestiona todos os procesos relacionados co ciclo integral da auga e cuxo modelo se basea na constante innovación tecnolóxica e na adecuada xestión do coñecemento, así como no uso sustentable de todos os recursos dispoñibles.

VIAQUA, mantén e desenvolve unha importante actividade económica na Comunidade Autónoma de Galicia a través dos seus distintos centros nela situados, e recoñece a importancia da difusión da industria da madeira e a súa sostibilidade, e a tal fin desexa colaborar na súa realización, promoción e difusión, mediante unha achega económica, en consonancia coa súa política social corporativa, de forma altruísta, e sen contraprestación monetaria.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora Xerente

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

